



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000006

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e dez minutos, do día vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 81 de data 22 de febreiro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, e con asistencia telemática de don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Alejandro Antonio García Sousa.

Non asistiu dona Jessica Sabin Fernández, excusando a súa asistencia.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro .

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES: 02.02.23, 09.02.23 E 16.02.23 .-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións citadas quedan aprobadas sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistente ás mesmas

2º.- SOLICITUDE DE “EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L” DE AMPLIACIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA “ABASTECIMIENTO EN OUTEIRO E OUTRO”. EXPTE. 2021/C003/000005.-

En data 17.02.23 e con núm. de rexistro 202399900000263, don Francisco Sueiras Dopico, actuando en representación da empresa “EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, SL”, NIF B-15164106, presenta escrito de petición de ampliación de prazo de execución da obra dun mes, ata o 2 de abril de 2023. Obra: “Abastecemento en Outeiro e Outro” da que dita empresa é adxudicataria.

Xustifica a súa petición expoñendo que o mercado do petróleo e os seus derivados, tanto a nivel internacional como a nivel nacional, está sufrindo un período de gran inestabilidade. A consecuencia desta inestabilidade, os períodos de entrega dos materiais dilatanse no

tempo, sufrindo retrasos grandes que dificultan realizar as obras cos ritmos de traballo normais ata este momento. Por este motivo non é posible finalizar a obra nos prazos establecidos.

De acordo co artigo 190 LCSP o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razón de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta. Polo tanto, a ampliación de prazo de execución veríase afectada tanxencialmente polas prerrogativas de interpretación dos contratos administrativos e resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

No presente expediente solicítase a ampliación de prazo no último mes de execución do contrato (se solicita o 17.02.23, e remata o prazo do contrato o 2.03.23); con moi pouca antelación ao remate do prazo de execución.

A causa que alega non se acredita suficientemente; atopandonos nun suposto de exercizo discrecional da potestade de ampliación de prazo polo órgano de contratación.

Considerando o órgano de contratación ademais do exposto, que urxe a realización da obra en aras de ter efectuadas as reparacións das estradas -obxecto do contrato- canto antes favorecendo a interese pública, tendo en conta ademais que se tivo que pedir prórroga para a execución e xustificación da obra á Deputación Provincial e que se deduce que non quedan debidamente acreditadas as causas e requisitos necesarios para a concesión da prórroga solicitada,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros presentes,
ACORDA:

Primeiro.- DENEGAR á petición formulada e así pois, NON CONCEDER a ampliación de prazo solicitado de UN MES, ata o 2 de abril de 2023 na execución das obras; sabendo que a acta de comprobación da implantación data do 2.09.22 e o prazo de execución da obra é de 6 meses.

Segundo.- Notificar o acordo denegatorio da petición á adxudicataria “Excavaciones Saavedra y López” así como ao Director da Obra, Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos, N° Col.22.992 de “Estudio Técnico Gallego” para o seu coñecemento e efectos.

3º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/3.-

EXPEDIENTE N°: 2023/C007/000003

PROCEDEMENTO: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 01/2023

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“Resultando que por parte da Intervención Municipal emitíuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 01/2023 (EMP 10/2023) con data 16/02/2023 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI- relativo ao gasto seguinte:

Natureza do gasto	Gastos incluídos na relación de facturas F/2023/3 (incorporada ao expediente)
Datos da relación de facturas	Integrada pola factura nº 112-2022 de data 01/06/2022 de O. A. Instituto de Vivienda, Infraestrutura y equipamiento de la defensa NIF Q2801824J, por importe de 12.500,00 €
Nº e data de rexistro	Rexistro nº F/2023/415 de data 14/02/2023
Organo xestor	Alcaldía
Importe	12.500,00 €
Organo competente	Alcaldía

Resultando que o informe emitido pola Interventora remitiuse ao Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 15/02/2023 o seguinte:

- “(...) PRIMEIRO.- En data 14/02/2023, instouse a este Servizo o inicio de expediente de omisión da función interventora nº 01/2023.
- SEGUNDA.- Tal e como consta na comunicación de Omisión da Función Interventora remitido a este Servizo, sobre a aprobación relación de facturas F/2023/3 por importe total de 12.500,00 €, incorporada ao expediente, e que está integrada pola factura nº 112-2022 de data 01/06/2022 de O. A. Instituto de Vivienda, Infraestrutura y equipamiento de la defensa NIF Q2801824J, por importe de 12.500,00 €, non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.
- TERCEIRA.- En relación as facturas que se citan na comunicación da intervención municipal de data 14/02/2023 compre destacar o seguinte en concreto para cada unha delas: Polo que respecta á aportación municipal para a concesión demanial pola utilización de instalacións de baterías antiaéreas en Campelo-Meirás por importe de 12.500,00 euros debe indicarse que tamén se trata dun gasto corrente neste caso a favor doutros entes para as que na intervención municipal non consta tramitación administrativa previa para a dotación económica coa finalidade de dotar crédito adecuado e suficiente para sufragar as diferentes anualidades.
- CUARTA.- Tal e como consta na comunicación de Omisión da Función Interventora 01/2023 remitida a esta Alcaldía, sobre os gastos incluídos na relación de facturas nº F/2023/3 por un importe por importe total de 12.500,00 €, do que deriva que non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa. A Alcaldía si tuvo constancia das facturas, e si constatou a prestación referida da que derivan estas obrigas de pago e que o prezo se axusta ao de mercado. Asimesmo, en data 07/05/2021 (RE nº 2021000001097 de data 18/05/2021) resolveuse a favor do Concello de Valdoviño á concesión demanial para a cesión de uso la propiedad denominada “Batería antiaérea Campelo” polo Ministerio de Defensa, a cal se rixe polo Prego de condición particulares anexo á dita resolución (documentación que se achega ao presente expediente) que no seu apartado 4º recolle o canon (12.500,00 €) que debe abonar o Concello de Valdoviño.
- QUINTA.- Este servizo non considera oportuno facer novas observacións o referido informe de Omisión da Función Interventora.”

Resultando que o Informe da Interventora expresamente dispón que se o Órgano Xestor manifesta que as prestacións se axustan ao prezo de mercado non sería necesario, segundo o seu parecer, instar a revisión do acto, sendo suficiente que o Alcalde-Presidente resolva sobre a aprobación da obriga polo importe do gasto.

Considerando que a non aprobación da factura incluída na relación F/2023/3 por importe total de 12.500,00 €, incorporada ao expediente, e que está integrada pola factura nº 112-2022 de data 01/06/2022 de O. A. Instituto de Vivienda, Infraestrutura y equipamiento de la defensa NIF Q2801824J, por importe de 12.500,00 €. produciría un trastorno grave na actividade municipal que prexudicaría enormemente os intereses xerais do municipio, dado que se podería considerar que se produciría un enriquecemento inxusto da Administración, e en caso de non proceder ao pagamento do gasto indicado, con toda seguridade os perxudicados dirixiríase aos tribunais cumprindo cos criterios que a xurisprudencia esixe para o enriquecemento inxusto. A condena ao pagamento a cargo do Concello incluíría ademáis as custas procesais e os xuros de demora.

Dado que se constatou a prestación dos servizos ou realización dos servizos mediante a factura incluída na relación nº F/2023/3 conformada polo Alcalde, a cal da concesión demanial para a cesión de uso la propiedad denominada “Batería antiaérea Campelo” polo Ministerio de Defensa a favor do Concello de Valdoviño en data 07/05/2021 (RE nº 2021000001097 de data 18/05/2021) , a cal se rixe polo Prego de condición particulares anexo á dita resolución (documentación que se achega ao presente expediente) que no seu apartado 4º recolle o canon (12.500,00 €) que debe abonar o Concello de Valdoviño, e que os prezos se axustas aos de mercado.

E comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. En virtude do disposto no artigo 21.1 f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, así como nos artigos 185 e 186 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais. Polo que se expuxo, procede a adopción do seguinte **PROPONSE:**

PRIMEIRO.- Ordear que se leve a cabo a tramitación da relación de facturas sinalada, F/2023/3 de 1 factura, por importe total de 12.500,00 €, incorporada ao expediente, e que está integrada pola factura nº 112-2022 de data 01/06/2022 de O. A. Instituto de Vivienda, Infraestrutura y equipamiento de la defensa NIF Q2801824J, por importe de 12.500,00 €.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Asdo.- Alberto González Fernández
Alcalde do Concello de Valdoviño”

Vista a anterior proposta de Alcaldía, A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión acordou a súa aprobación.

4º.- APROBACIÓN DE CONVENIO PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIXILANCIA E CONTROL DA AVESPA ASIÁTICA- 2023.-

Presentase á Xunta de Goberno Local para o control e vixilancia da avésa asiática proposta para seguir adheridos ao convenio coa Xunta de Galicia e a FEGAMP, para a anualidade de 2023, dando conta do contido do mesmo así coma do Anexo de proposta de adhesión que figura coma Anexo III.

O texto do convenio, así coma o Anexo III, figuran incorporados no expediente 2023/X006/000075.

Aprobase dita proposta `pola Xunta de Goberno local, mediante votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión.

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) 2023.

Con data 24 de febreiro de 2020 a Xunta de Galicia e a FEGAMP, co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para establecer a coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da Vespa Velutina no territorio galego coa colaboración cos 285 concellos adheridos no 2020 e 15 máis no 2021 ofrecendo unha actuación profesional e eficaz, entre eles ó Concello de Valdoviño.

No ano 2022 renovouse o encargo a Seaga e non soamente se mantiveron adheridos os 300 concellos do ano 2021, senón que se sumaron 6 máis.

Como consecuencia do exposto, tendo en conta os bos resultados acadados e co obxectivo de acadar a máxima eficiencia e axilidade na realización dos traballos asíñase un novo Convenio para continuar coa colaboración xa iniciada no ano 2020 entre a Xunta de Galicia e FEGAMP, polo que es posible continuar coa colaboración iniciada.

Visto o texto do convenio e tendo en conta a necesidade de actuar contra esta praga por motivos de seguridade pública,

Proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Continuar adheridos ó convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para

a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á Vespa asiática (Vespa Velutina).

Segundo.- Remitir o anexo III do convenio a FEGAMP.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, resolverá o que estime máis convinte.
En Valdoviño, na data da sinatura á marxe

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE/

FÓRA DA ORDE DO DIA

O Sr. alcalde, presenta fóra da orde do día dous asuntos da área de cultura de participación en convocatorias motivando a urxenza nos prazos de presentación da solicitude.

Tamén presenta o expte. de contratación de obras tramitado no expte. 2022/C003/000002 para adopción de acordo, motivada a urxenza na necesidade de dar continuidade a adxudicación do contrato para ter adxudicado e executado a obra nos prazos da Deputación.

.- PARTICIPACIÓN EN CONVOCATORIA AO ABEIRO DA ORDE DO 12 DE XANEIRO DE 2023 DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES.-

Vista a ORDE do 12 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as base reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT215A)

PROPONSE

Participar en dita convocatoria e aceptar as condicións e requisitos establecidos na orde, así como o compromiso de financiar o importe do proxecto que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 22 de febreiro de 2023.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”

Despois de ver a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local acordou a súa aprobación en votación ordinaria e unanimidade.

.- PARTICIPACIÓN EN CONVOCATORIA AO ABEIRO DA ORDE DO 12 DE XANEIRO DE 2023 DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES.-

Vista a ORDE do 12 xaneiro de 2023 pola que se establecen pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento CT211B)

PROPONSE

Participar en dita convocatoria para solicitar subvención para os equipamentos e/ou as melloras que se pretenden executar e aceptar as condicións e requisitos establecidos na orde, así como o compromiso de financiar o importe do proxecto que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 22 de febreiro de 2023.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

Despois de ver a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local acordou a súa aprobación en votación ordinaria e unanimidade.

.-EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILLARRUBE, AVIÑO E OUTROS

“Expediente. 2022/C003/000002

Constando acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de 26.01.23, do texto literal seguinte:

“Proposta de Alcaldía:

CONSIDERANDO a tramitación do expediente citado, da que se desprenden os seguintes antecedentes xerais:

A citada obra está incluída no POS+2022 da Deputación Provincial da Coruña; Proxecto redatado por Miguel A. Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños, canais e portos, N° Col. 27.796

Financiamento:

Deputación .- 201.505,60€

Cconcello: 18.079,68€

Total proxecto sen IVE.- 181.475,44€

IVE.- 38.109,84€

Total proxecto .- 219.585,28 euros

Notificación de levantamento da condición existente e de que se aproba de xeito definitivo o investimento pola Deputación Provincial da Coruña,

Acordase a aprobación de expte contratación e comezo de adxudicación (procedemento aberto, único criterio valoración factor prezo, tramitación ordinaria), en Xunta de Goberno Local do 13.10.22.

Anuncio no perfil do Contratante (PCSP) o 26.10.22; aperturados os sobres da documentación administrativa (A) por Mesa de Contratación en sesión de 01.12.2022; presentándose catro empresas licitadoras, admitidas tres e requireselle a unha documentación e tras subsanar resultan todas elas admitidas.

Aperturado o sobre de Oferta económica (C), en sesión de 21.12.2022; comprobouse que as ofertas se axustan ao modelo e ofrecense os seguintes prezos que se reproducen, así como o resolto pola Mesa de Contratación:

“

NIF: B15122104 EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.

Ofrece o seguinte prezo:

- a) Prezo sen IVE.- 179.025,52 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 37.595,36 euros.
- c) Total (A+B).- 216.620,88 euros

NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.

Ofrece o seguinte prezo:

- a) Prezo sen IVE.- 170.239,67 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 37.750,33 euros.
- c) Total (A+B).- 205.990,00 euros

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.

- a) Prezo sen IVE.- 174.500 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 36.645,00 euros.
- c) Total (A+B).- 211.145,00 euros

NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.

- a) Prezo sen IVE.- 177.755,11 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe: 21%. Importe: 37.328,57 euros.
- c) Total (A+B).- 215.083,68 euros

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2022/C003/000002 - Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros.

Efectuase dita valoración co Programa de Valoración de ofertas económicas da Deputación da Coruña, tomando coma referencia o prezo sen IVE: 181.475,44€, resultando:

NIF: B15122104 EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 179.025,52 euros.- Baixa (%).- 1,35. – Puntuación.- 6,30

NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 170.239,67 euros.- Baixa (%).- 6,19.- TEMERARIA.- Puntuación.- 28,89

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 174.500,00 euros.- Baixa (%).- 3,84 Puntuación.- 17,92

NIF: B15938780 SYR-AMG, S.L.:

100%factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 177.755,1 euros.- Baixa (%).- 2,05 Puntuación.- 9,57

De conformidade co punto 15.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación por procedemento aberto cun único criterio de adxudicación- factor- prezo- das obras comprendidas nos plans provinciais (Ofertas anormalmente baixas) e de conformidade co artigo 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP):

“ Cuando la mesa de contratación, o en su defecto el órgano de contratación hubiere identificado una o varias ofertas incursas en presunción de anormalidad, deberá requerir al licitador o licitadores que las hubieren presentado dándoles plazo suficiente para que justifiquen y desglosen razonada y detalladamente el bajo nivel de los precios, o de costes, o cualquier otro parámetro en base al cual se haya definido la anormalidad de la oferta, mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estos efectos”.

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes **ACORDA:**

1º.- REQUERIR á empresa NIF: B15164106 EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ S.L. para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o percibo da notificación, xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinada.

2º.- A documentación xustificativa realizada polo licitado incurso en baixa, será remitida a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe sobre xustificación ou non da baixa anormal”.

Efectuado o requerimento á empresa Excavaciones Saavedra y López, S.L presenta en data 9.01.23 a documentación xustificativa da baixa: documentación que en data 9.01.23 se traslada ao técnico municipal para informe, quen o emite e presenta en data 17.01.23, no que di :

“ ...

IV. A empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ SL, presentou unha memoria xustificativa o día **09.01.2023** (núm. rex. **20239990000021**), **axustada** ao contido fixado no artigo 15.4.4 mencionado anteriormente. A continuación faise un resumo da documentación presentada, seguindo a orde de contidos establecido nos propios pregos:

1. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS OFERTADOS:

Faise unha relación de factores favorables tidos en conta pola empresa á hora de realizar a oferta no apartado 1 da memoria, como son:

- Experiencia en obra civil dende mais de 25 anos e proximidade das oficinas ao lugar das obras.
- Disponibilidade en propiedade de maquinaria para a realización dos traballos.
- Existencia dun equipo técnico en plantilla para a xestión da obra e de encargados con experiencia.
- Amplia carteira de provedores locais.

A. Materiais:

A.1 Compra:

- Achégase carta de compromiso de subministro para os áridos, por parte da empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L., detallando prezos.
- Achégase carta de compromiso de subministro da tubaxe e sinais, por parte da empresa SUMINISTROS VALDOVIÑO S.L.L., detallando prezos.
- Achégase carta de compromiso de subministro de materiais por parte da empresa QUIMIASFALT S.L.L., para as emulsións asfálticas, detallando prezos.

- Achégase cadro de prezos descompostos das unidades de obra.

A.2. Medios propios e/ou materiais de produción propia: Non se indican materiais de produción propia.

B. Maquinaria:

B.1 Aluguer:

- Indícase que non se alugará maquinaria por ter un parque propio.

B.2 Medios propios: Incorporáse a relación detallada dos vehículos e maquinaria da empresa. Informando que toda ela se atopa amortizada. Achégase cadro de prezos da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra:

Achégase oferta económica das unidades de obra detallada por capítulos, sendo as únicas baixas ofertadas as correspondentes aos porcentaxes aplicados dos gastos xerais (**13 % no proxecto e 6% na oferta**) e no beneficio industrial (**6 % no proxecto e 5,63% na oferta**). Mantense o prezo da mao de obra fixada do prego.

2. VOLUME DE OBRA EN RELACIÓN COS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS:

Non se indica a incidencia nos prezos ofertados, da relación existente entre as obras contratadas e os medios persoais e materiais. Porén achégase o volume de obra executado nos exercicios dende o 2017 ao 2021, a relación de obras (co seu importe) que a empresa está executando actualmente e que executará nun futuro, e o número total de traballadores do plantel.

3. RELACIÓN ENTRE CUSTOS LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA:

- Achégase certificado da empresa indicando os custes laborais fixos, o número total de traballadores e os traballadores adscritos á obra.
- Achégase relación nominal de traballadores emitida pola Tesorería General de la Seguridad Social.
- Achégase recibo de liquidación de cotizacións emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social.

4. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SALARIAIS:

- Achégase declaración da empresa sobre o cumprimento das obrigas salariais con respecto aos traballadores adscritos á execución do contrato, asinado tamén polo representante sindical dos traballores.

5. RELACIÓN DE SUBCONTRATOS:

Achégase declaración da empresa, sobre a non intención de subcontratar ningunha unidade de obra.

V. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ OBRAS SL, queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada”

En data 23.01.23, a Mesa de Contratación celebra sesión na que tras tomar coñecemento do informe técnico municipal referido á xustificación da oferta económica presentada pola empresa Excavaciones Saavedra y López, **RESOLVE:**

Primeiro.- FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN do contrato de obra: Reparación de Estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros a favor da empresa EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, SL, NIF 15164106; motivado en que se considera xustificada a baixa

temeraría conforme ao informe técnico emitido ao respecto e que dita empresa é a máis vantaxosa economicamente (factor prezo único criterio de valoración); previa presentación polo licitador da documentación para serlle adxudicado o contrato.

Segundo.- Elevar dita proposta ante a Xunta de Goberno Local, coma órgano de contratación neste procedemento.

En base aos antecedentes expostos, esta Alcaldía, **PROPÓN á Xunta de Goberno Local**, a adopción dos seguintes **acordos**:

PRIMEIRO.- Ratificar e declarar válidas as actuacións levadas a cabo no procedemento, aceptando a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación Permanente de Obras en sesión do 23.01.23.

SEGUNDO.- De conformidade co estipulado no punto 16.- Adxudicación, en concreto 16.1.- Requerimento de documentación ao licitador que presentara a mellor oferta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, **REQUERIR ao licitador EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L NIF B15164106** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada no dito punto 16.1 do citado prego; incluído o documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe do prezo final do contrato, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP.

De non atenderse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirará a súa oferta, continuándose cos trámites que procedan.

TERCEIRO.- Notifíquese dito acordo”

NOTIFICADO O ANTERIOR ACORDO, en data 08.02.23, mediante rexistro entrada 202399900000213, Excavaciones Saavedra y López, S.L presenta documentación previa á adxudicación.

Verificado que consta informe acreditativo de que dita empresa posúe débedas con esta entidade local; débedas que non están aprazadas, fraccionadas ou suspendidas con ocasión da súa impugnación.

Visto o estipulado no prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, Visto o artigo 71.1.d) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público o cal di que **estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social é un requisito necesario para poder ser adxudicatario nos contratos administrativos**; por canto debemos entender que se trata de obrigas tributarias con calesquera Administracións Públicas.

Visto o artigo 39.2 da LCSP indicativo de que un contrato adxudicado que ostenta débedas tributarias coa propia administración sería unha adxudicación de contrato nulo de Pleno dereito.

Visto que o artigo 150 da LCSP indica que nestes casos procederase a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte por orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Consta presentada por Excavaciones Saavedra y López, garantía definitiva por importe de 8.511,98 euros.

A Xunta de Goberno Local, na presente sesión de 23.02.23, analizados os antecedentes expostos, **ACORDA** en votación ordinaria e unanimidade dos presentes:

PRIMEIRO.- A NON ADXUDICACIÓN do contrato de obra “Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros” ao en principio proposto licitador EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LÓPEZ, S.L, por posuir débedas con esta entidade local, segundo informe que consta incorporado no expediente e tendo en conta a normativa ao respecto.

SEGUNDO.- Procedase a devolución da garantía depositada polo importe de 8.511,98€ a EXCAVACIONES SAAVEDRA; dando traslado do dito acordo para estes efectos á tesoureiría municipal.

TERCEIRO.- REQUERIR do seguinte licitador con oferta máis vantaxosa: **NIF: 15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.** de conformidade co estipulado no punto 16.- Adxudicación, en concreto 16.1.- Requerimento de documentación ao licitador que presentara a mellor oferta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada no dito punto 16.1 do citado prego; incluído o documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe do prezo final do contrato, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da LCSP.

De non atenderse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirará a súa oferta, continuándose cos trámites que procedan.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo ás citadas empresas.

Vista a anterior proposta de Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos presentes, acordou aprobala.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/